

CONVENIO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A COLABORACIÓN NA DOTACIÓN DE PRAZAS DE PROFESORADO UNIVERSITARIO EN ÁREAS DE CIENCIAS DA SAÚDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), formalizaron o 22/2/22 o instrumento convencional arriba referido, que producirá efectos desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, cunha planificación para dotar á universidade de novas prazas de persoal docente e investigador e de reposición de recursos pola xubilación naquelas áreas ou servizos que se requiran e que correspondan ás áreas de Ciencias da Saúde.

Para tal efecto, entre os exercicios orzamentarios de 2022 e o de 2025, a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde executarán un plan para a dotación de polo menos 4 prazas anuais de profesorado do corpo docente de profesor titular de universidade vinculado ou profesor contratado doutor vinculado, co obxecto de repoñer efectivos de persoal no campo das ciencias da saúde con plena capacidade docente, investigadora e asistencial. A Universidade de Santiago de Compostela realizará a correspondente convocatoria de concurso público para a cobertura das prazas de profesor/a con dedicación a tempo completo e vinculación permanente e con praza asistencial vinculada, en áreas de coñecemento onde existe unha maior necesidade docente derivada das xubilacións de persoal vinculado producidas e as que se producirán nos vindeiros 4 anos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, como institución que xestiona a sanidade pública en Galicia, conta cunha rede hospitalaria e de asistencia primaria cun amplo cadro de profesionais sanitarios de todas as especialidades. Este cadro de persoal constitúe a fonte principal para a captación de profesorado vinculado nas áreas clínicas implicadas nas titulacións de Ciencias da Saúde ofrecidas pola Universidade de Santiago de Compostela.

É interese compartido polas dúas institucións favorecer a creación de prazas vinculadas que poidan contribuír, por unha banda, a reforzar e completar as capacidades docentes da Universidade naquelas áreas e especialidades clínicas que non contan na actualidade con este tipo de profesorado, así como para garantir o relevo xeracional naquelas en que nos próximos anos se van producir xubilacións, e, por outra, a ofrecer aos profesionais sanitarios que desenvolven a súa actividade asistencial no Servizo Galego de Saúde a posibilidade de combinar esta coa docencia e a investigación no ámbito da Universidade.

Ademais, no Plan Galego de Financiamento Universitario está prevista a dotación dos recursos necesarios para atender as obrigas do Servizo Galego de Saúde respecto á Universidade de Santiago de Compostela derivadas da Orde do 18 de xuño de 2001 pola que se ordena a publicación do Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na Investigación e Docencia Universitarias.

Por todo o anterior, o Servizo Galego de Saúde destina unha subvención para o desenvolvemento do anterior plan de choque, pretendendo dar cobertura a unha materia de interese público, social e sanitario que debido á súa especificidade técnica e á necesidade de garantir unha docencia de calidade de xeito inmediato que resolva as necesidades do alumnado que cursa esta formación universitaria, fan imposible promover no presente caso a concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

